

TEXTO:

Para debido coñecemento e difusión de tódolos interesados, envíase información referente a:

XVII TROFEO DE JUDO CONCELLO DE FERROL

CAMPIONATO DE GALICIA SENIOR MASCULINO E FEMININO

1.0.0.- MESA FEDERATIVA:

- 1.1.0.- Delegado Federación: D. Ricardo Trillo Morado.
1.2.0.- Director Deportivo: D. José Ramón López Gacio.
1.3.0.- Director Técnico: D. Roberto Naveira Filgueiras.
1.4.0.- Coordinador Competición: D. Alejandro Abando Domínguez.
1.5.0.- Técnicos Convocados: Da. Mónica Pacheco Lomba / Da. Nagore Valle Benito / Da. Sara Álvarez Folgueira
D. Marcial Romero Azpitarte / D. Eduardo Carballeira Fdez. / D. Alberto Castro Pena

2.0.0.- CALENDARIO XERAL:

- 2.1.0.- Data: **Domingo día 03 de Abril de 2016**
2.2.0.- Lugar: **Pavillón Municipal A Malata - Ferrol**
Estrada da Malata s/n (Ferrol - A Coruña)
2.3.0.- Pesada: **De 10:30 a 11:00h.**
2.4.0.- Reunión arbitral: **As 11:00 h.**
2.5.0.- Competición: **A partir das 11:30h. Eliminatorias e repescas.**
As 14:00h. Finais.
As 14:30h. Entrega de trofeos e clausura.

3.0.0.- ÁMBITO TÉCNICO DEPORTIVO:

- 3.1.0.- Idades: **Nados nos anos 2001, 2000, 1999, 1998, 1997, 1996 e anteriores**
3.2.0.- Grado: **Mínimo Cinto Marrón.**
3.3.0.- Judogui: **Será imprescindible judogui azul e branco.**
3.4.0.- Pesos: **Masc.: - 60, - 66, -73, - 81, - 90, -100 e +100 kg.**
Fem.: - 48, - 52, - 57,- 63, - 70, - 78 e +78 Kg.
3.5.0.- Documentación: **Imprescindible presentar:**
D.N.I. (orixinal) e o carné de graos da RFEJYDA.
Autorización paterna os menores (Dispoñible na Web)

3.6.0.- Competición:

3.6.1.- Sistema:

Catro tatamis. Eliminatoria directa con repesca dobre cruzada.

3.6.2.- Sorte:

Realizarase na sede Federativa e publicarase na páxina web de forma provisional para subsanar erros.

Cabezas de serie: Ouro e prata do Sector nacional e do Campionato galego do ano anterior, no caso de non participar todos ou algún deles os designará a dirección técnico deportiva.

3.6.3.- Tempos:

Combates a 5 minutos.

3.6.4.- Sanidade:

Federación Galega de Judo.

4.0.0.- ORDE E CONTROL:

4.1.0.- Inscripcións:

Poderán realizarse nesta Federación Galega ata as **12 horas o día 21/03/16**
Unha vez rematado o prazo non se admitirá ningunha inscrición.

4.2.0.- Normativa:

- **Regulamento FIJ ACTUALIZADO:** Normativa RFEJYDA.
- Cada club debera axuntar relación nominal cun máximo de catro adestradores titulados e colexiados, para dirixir os combates e a atención dos deportistas na pista. **Os adestradores non inscritos dentro do prazo non poderán dirixir os combates dende a cadeira.**
- Prégase a todos os directores de club e adestradores o máximo respecto e exemplo así coma a súa colaboración no mantemento da orde e control do acceso a pista.
- No desenrolo da competición **só poderán acceder a pista os deportistas e adestradores inscritos.**

4.3.0.- Cerimonia de entrega de Trofeos.

A recollida de trofeos deberá facerse en Judogui Branco Completo ou Chándal do Club.

5.0.0.- ARBITRAXE:

4.1.0.- C. Galego de Árbitros:

D. Jaime Roque López e Ángel Villar González.

Haberá un Sokuteiki a disposición dos técnicos e deportistas para comprobar as medidas do judogui antes dos combates.

6.0.0.- MEDIOS:

6.1.0.- Transporte:

Os clubs que utilicen transporte oficial, deberán poñerse en contacto con os **responsables de zona antes das 12 horas do día 21/03/16.**

Zona de Santiago: D. Javier Rial Seoane

Vigo e Pontevedra: D. Francisco Soria Rodero.

Zona de Coruña : D. José R. López Gacio.

Zona de Lugo: D. Iván Carballeira Fraga.

6.2.0.- Material:

Federación Galega de Judo

7.0.0.- CRITERIO SELECCIÓN:

7.1.0.- Primeiro:

O criterio de preferencia para seleccionar ao equipo que represente a Galicia no Sector nacional será o seguinte:

Medallistas Nacionais 2015 sempre que manteñan a categoría e o peso.

7.2.0.- Segundo:

Ouros e pratas sector nacional 2015 sempre que manteñan a categoría e o peso.

7.3.0.- Terceiro:

Campións de Galicia 2016.

7.4.0.- Cuarto:

O resto de seleccionados ata completar o cupo serán designados pola Dirección Técnico Deportiva entre os medallistas terceiros clasificados do sector 2015, sempre que manteñan a categoría e o peso e participen neste Campionato galego e os medallistas galegos 2016.

O DIRECTOR DEPORTIVO



Asdo. Jose Ramon Lopez Gacio.

CÓDIGO DE CONDUCTA ADESTRADORES

O adestrador é responsable da conduta do seu judoka desde que entra no Pavillón ata que se vai, especialmente antes e logo de cada combate.

Durante o combate comunícase co seu atleta soamente nos mates, para aconsellarlle, estimularlle, darlle instrucións en situacións inesperadas, como ante unha lesión, etc...

COMPORTAMENTO ADESTRADORES

-Máximo respecto evitando calquera comentario de crítica ás decisións arbitrais.

-Evitar calquera xesto despectivo cara a árbitros, organización ou público.

-Prohibido golpear, dar patadas, etc... aos paneis publicitarios ou a calquera equipo.

-Non faltar ao respecto ao oponente, árbitros, adestradores, ao seu propio atleta, ao público, etc...

NORMAS VESTUARIO

Está prohibido: o pantalón curto, calquera clase de gorra ou chapeu na cabeza, vaqueros, suéteres ou similares.

SANCION

O incumprimento destas regras levará a descualificación e a imposibilidade de acompañar aos seus atletas á zona de competición e/ou sentarse na cadeira de adestrador.

NORMATIVA SOKUTEIKI

Co fin de facer cumprir as tallas e medidas correctas do Judogui segundo define o Regulamento de Competición así como o xogo limpo para os atletas, a FIJ aprobou este dispositivo especial e un novo procedemento do control desde o 1º de xaneiro de 2009.

1. O uso do Judogui de acordo á norma do Sokuteiki. (Dispositivo para medir o Judogui) é obrigatorio en todas as competicións oficiais.



En caso de dúbida, nunca a instancias do adestrador, o árbitro sobre o tatami pode comprobar o Judogui do competidor usando o dispositivo Sokuteiki. Caso de que o Judogui non cumpra coas Regras, o árbitro, logo de consultar cos Xuíces, sancionará ao competidor con Hansokumake declarando vencedor ao oponente.

